



## MISIONS COMERCIAIS DAS GRANDES EMPRESAS CONVOCATORIA

Resolución do 27 de febreiro de 2023 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para misións comerciais das grandes empresas (DOG N<sup>o</sup> 51 , de 14 de marzo do 2023) - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230314/AnuncioO92-270223-0004\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230314/AnuncioO92-270223-0004_es.html)

A Cámara de Comercio de A Coruña e o Igape convocan una  
PARTICIPACION NA FEIRA BIG 5 EGYPTO 2023

### PARTICIPACION FEIRA BIG 5 EGYPT 2023

#### MATERIAIS DE CONSTRUCCION

17- 23 xuño 2023

Expediente IG265.2023.1.52

NÚMERO DE EXPEDIENTE PROGRAMA MISIONS COMERCIAIS PEMES VINCULADO: IG202.2023.1.67

- ORGANIZAN:** Cámara de Comercio de A Coruña e IGAPE.
- COFINANCIA:** FEDER / IGAPE. Web da feira <https://www.thebig5constructegypt.com/>
- SECTOR:** MATERIAIS DE CONSTRUCCION
- DATAS:** do 17-23 xuño 2022 Data da feira: do 19-21 xuño
- DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN:** 17 abril 2023
- DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN:** Esta feira conta coas seguintes características:
  - Trátase dunha acción presencial.
  - Con esta acción búscase reforza-la posición das empresas exportadoras galegas no mercado de EXIPTO
  - Tamén reforza-la posición de empresas galegas que tenten buscar unha maior internacionalización a través de diferentes xeitos de afrontar a mesma.
  - Esta misión enmárcase no Plan FOEXGA é acadar a internacionalización real das pemes galegas e propiciar a comercialización dos seus bens e servizos nos mercados exteriores.
- LUGAR EVENTO:** El Cairo (Egypt International Exhibition Center)
- BENEFICIARIOS:** Empresas que non teñen a consideración de PEMES, con domicilio social e centro de traballo en Galicia.

#### Nota sobre el país:

*Dada la situación logística mundial, las empresas egipcias están buscando proveedores europeos de materiales de construcción que les puedan surtir en sus numerosos proyectos*

*El Gobierno egipcio tiene como objetivo ser la séptima economía mundial en 2030, y anunció recientemente su intención de impulsar el desarrollo del país a través de la puesta en marcha de un ambicioso Plan de Megaproyectos que supera los 90 mil millones de euros y que puede ser una gran oportunidad para las empresas españolas. El proyecto incluye el desarrollo de nuevas infraestructuras, el denominado Triángulo de Oro en la costa del mar Rojo y una nueva capital administrativa para aliviar la superpoblación de El Cairo, donde actualmente habitan más de 16 millones de personas.*

*Situado en un enclave geográfico privilegiado y con una población que se acerca a los 100 millones de habitantes, Egipto es el país más poblado del mundo árabe y una de las tres economías más importantes de África, convirtiéndolo en un país con un enorme potencial para las empresas extranjeras que deseen invertir.*



## SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección das empresas efectuarase respectando a rigorosa orde da data da solicitude efectuada, e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

## CUSTO

**MOI IMPORTANTE:** Son custos estimados e poden variar á baixa ou á alza. A empresa deberá ingresar as cantidades correspondentes coa súa inscrición na acción. A posteriori axustaranse coa empresa as cantidades reais a pagar en cada caso cando se saiba con exactitude o prezo real das viaxes e dos servizos prestados para cada empresa.

- **O prezo se calculará en función das necesidades de cada empresa. Ata un máximo de 25.000,00 €-**
- **Stand básico. mínimo 9 m2:** *el precio del m2 es de 455 \$ + 459 \$ de seguro= 4.590 \$ o sea aproximadamente 4.070 euros. A ese precio se sumará gastos de decoración, mobiliario etc. A Cámara confeccionará un presuposto para cada empresa en función das súas necesidades.*

**A empresa poderá solicitar máis m2 tendo en conta o importe máximo dos gastos subvencionados: 25.000 €**

- **Voos i/v:** *subvencionable ata 930 euros*
- **Hotel subvencionable ata 7 noites.** *Máximo por noite 266 euros*
- **Cuota Cámara por inscrición, xestión etc:** *800 euros*

### ○ CUSTOS SUBVENCIONABLES 90%

- 2 persoas por empresa.
- Stand e decoración.
- Envío de mercadorías.
- Interprete se fose necesario.
- Aloxamento: ata 7 noites.
- Billete de avión. En caso de dúbidas, consulte coa Cámara unha vez inscrito.
- Seguro de viaxe.
- Parte proporcional de gastos de xestión da inscrición, subvención, información e asesoramento as empresas por parte da Cámara de Comercio.
- Parte proporcional da participación dun técnico da Cámara organizadora.
- En caso de máis dúbidas, consulte coa Cámara.

**Importe máximo subvencionable por empresa sen IVE:** 25.000,00 Euros.

## CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda será dun máximo do 70% sobre o importe ao que se refire o artigo 3.2. (por favor consulte as bases - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230314/AnuncioO92-270223-0004\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230314/AnuncioO92-270223-0004_es.html)) e coa seguinte distinción dependendo do tipo de beneficiario. Os custos maximos elegibles non poderán superar o importe maior das pemes participantes nesta acción.



Tipo de empresa solicitante	
Empresas non pemes con menos de 500 empregados	Empresas non pemes con máis de 500 empregados
70%	60%

Non esquecer que para determinados gastos subvencionables (voos, hotéis, etc.) existen límites reflectidos nas bases reguladoras (principalmente no ANEXO V) das axudas para as empresas PEMES que tamén son válidos para as NON PEMES e que as empresas poden consultar - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230307/AnuncioO92-270223-0001\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230307/AnuncioO92-270223-0001_es.pdf)

## PLAN DE VIAXE PREVISTO

O plan de viaxe previsto (pero modificable por cada empresa) é o seguinte:

- Saída de Galicia: a partir do 17 de xuño
- Regreso a Galicia: a partir do 21 xuño

**Outras opcións:** Pódense contemplar outras opcións de viaxe e as empresas poderán adaptar as datas de estancia e viaxe ás súas necesidades empresariais. Consultar á Cámara.

### MOI IMPORTANTE:

- Unicamente subvencionaranse os gastos de viaxe do persoal propio da peme participante, ou que forme parte do consello de administración da mesma.
- Seguindo a normativa vixente, a Cámara de Comercio de A Coruña fará un concurso para organizar as viaxes das empresas. Por elo, todas as empresas que se inscriban deberán organiza-la viaxe coa axencia que presente o mellor orzamento e polo tanto sexa a designada para organizar eses servizos. Por mor do establecido nas bases destas axudas as empresas non poden presentar facturas das súas axencias para ser subvencionadas - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230307/AnuncioO92-270223-0001\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230307/AnuncioO92-270223-0001_es.pdf)

## FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓNS E RESUMO DO PROCESO DE AXUDAS

Data límite de inscrición: 17/04/2023

Para formalizar a inscrición na acción, debe enviar á Cámara de A Coruña a seguinte documentación por mail a [exteriorol@camaracoruna.com](mailto:exteriorol@camaracoruna.com)

- Solicitud de participación (Formulario IG267 a cumprimentar na Oficina Virtual do Igape, e instancia firmada polo representante legal da peme). Nese formulario no apartado “en qué acción desea inscribirse” indicar IG265.2023.1.52)
- Instancia PDF firmada que se xenera una vez cumplimentada a solicitud de participación
- *Copia da acreditación da representación legal do firmante (escritura de constitución da sociedade ou escritura de poder)*
- *Copia Certificados actualizados de estar o corrente con a AEAT, TGSS e Facenda da Xunta de Galicia.*



- Xustificante de pago á c/c a nome da Cámara de Comercio de A Coruña por **importe de 4.870 € + IVA =5.892,70 euros (1º pago como adelanto de stand e cuota Cámara)**. La Cámara solicitará pagos a medida que se produzcan los demás gastos (resto stand, decoración, billetes de avión, hotel etc etc).
  - Por favor reflicten no xustificante o nome da acción -FERIA EGIPTO 2022 para a cal están a facer o pago.
  - Nº de conta: ABANCA: ES 82 2080 3103 1030 4001 7149
- Para maior aclaración dos importes e do que inclúen, por favor remitan un mail a [exteriorol@camaracoruna.com](mailto:exteriorol@camaracoruna.com)

## REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:
  - a. Que superen os límites establecidos para definición de peme segundo o anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión de 17 de xuño de 2014 polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE 26.06.2014, L 187).
  - b. Que teñan domicilio social e algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - c. Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir de 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización, deberá facerse antes do remate do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.
  - d. Os beneficiarios deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e non ser considerados empresas en crise. Para estes efectos de empresa en crise, convén ter en conta a definición de empresa en crise que aparece no apartado 18 do artigo 2 do Regulamento nº 651/2014 da Comisión. Tamén deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia para ser beneficiario da axuda, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.
  - e. Que cumpran a normativa de axudas de minimis segundo o previsto no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), para as empresas do sector pesqueiro no Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.06.2014) e para as empresas do sector agrícola no Regulamento nº 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013) e o Regulamento (UE) nº 2019/316 da Comisión de 21 de febreiro de 2019 que o modifica (DOUE L 51 de 22 de febreiro de 2019).



- f. Que estean ao día de pagamentos adebedados ás Cámaras de Comercio, Industria e Navegación das que formen parte.

2. Mediante a presentación da solicitude de participación na acción, os beneficiarios aceptan a tramitación a través da entidade colaboradora, que será así mesmo a encargada de informar puntualmente ao interesado sobre o estado da súa petición, os dereitos e obrigas da mesma, e das notificacións recibidas de acordo co establecido no artigo 6.2. O Igape porá a disposición deste programa, unha aplicación no enderezo da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> para os efectos de cubrir o cuestionario de solicitude de participación electronicamente.

## OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- a. As descritas no artigo 6.6 letras a), c), d), e), e f) obrigas comúns ás entidades colaboradoras.
- b. Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases, así como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na resolución de convocatoria.
- c. Realizar o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora antes da data na que deban ser presentadas ante o Igape. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como establece o artigo 19 destas bases. A axuda aboarase a través da cámara unha vez finalizada a acción e cumpridas todas as obrigas.
- d. Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención, así como colaborar e achegar a documentación á entidade colaboradora.
- e. Comunicarlle á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f. Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de catro anos desde a súa presentación.
- g. Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se concede a axuda.
- h. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Serán subvencionables as seguintes actuacións:

- a. Misións empresariais directas ao estranxeiro (incluíndo encontros empresariais ou visitas a feiras que teñan lugar en calquera país estranxeiro).
- b. Participación en feiras ou noutros eventos expositivos que se celebren no estranxeiro, así como aqueles outros eventos promocionais do tipo congresos, conferencias ou simposios que, aínda que non teñan un compoñente expositivo como tal, permitan indubidablemente a promoción da empresa a nivel internacional e teñan lugar no estranxeiro.

E que sexan convocadas polas Cámaras de Comercio declaradas entidades colaboradoras no marco das axudas para misións comerciais das pemes.

2. Gasto subvencionable:



O importe resultante dos custos directos soportados polo beneficiario derivados na participación nas actuacións descritas no apartado 1 deste artigo.

Este importe non poderá exceder ao resultante para o mesmo concepto para as pemes participantes na acción correspondente das axudas para misións comerciais das pemes.

O importe deberá ser certificado para cada convocatoria pola entidade colaboradora organizadora da actuación.

Este gasto limitarase a 6.000 € por empresa no caso de participación en misión comercial e a 25.000 € no caso de participación en feira ou evento expositivo.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o día da presentación da solicitude de axuda e a data de fin de execución segundo o establecido na convocatoria destas bases e na resolución de concesión. Tamén serán subvencionables os gastos efectuados con anterioridade á presentación da solicitude de axuda correspondentes a reserva das empresas de participacións nas accións.

En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado e non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Concepto subvencionable	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe
<ul style="list-style-type: none"><li>· Cotas de inscrición nos eventos promocionais non expositivos dos citados no artigo 3.1.b). Así como custo das entradas a feiras, congresos ou eventos de recomendado interese e incluídos no programa das actuacións.</li></ul>	Cota ou fee de inscrición ou entradas cun límite de 2.000€ por evento.
<ul style="list-style-type: none"><li>· Asistencia externa en destino para a realización de axendas e para organización da acción (só no caso de que o Igape non poida facilitar estes servizos por medios propios).</li></ul>	
<ul style="list-style-type: none"><li>· Gastos de intérpretes para accións individuais e conxuntas incluída a interpretación virtual.</li></ul>	
<ul style="list-style-type: none"><li>· Aluguer do espazo, cotas de participación para as participacións en modalidade virtual, stand e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, aluguer de mobiliario, gastos de mantemento, inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes ao evento expositivo.</li></ul>	
<ul style="list-style-type: none"><li>· Gastos de envío de mostras sen valor comercial e catálogos co seu seguro correspondente tato para accións presenciais como virtuais.</li></ul>	
<ul style="list-style-type: none"><li>· Viaxe dunha persoa da NON PEME participante (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).</li></ul>	Límites Anexo V do plan para PEMES  Datos da viaxe subvencionable: entre a data da convocatoria e a data límite de presentación da solicitude de cobramento. Só se subvencionarán os gastos correspondentes a avión, tren e/ou autobús.  Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa, ou forme parte do consello de administración da mesma.



Concepto subvencionable	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe
<ul style="list-style-type: none"> <li>Aloxamento dunha persoa da NON PEME participante en réxime de aloxamento ou aloxamento e almorzo (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).</li> </ul>	<p>Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctas (7 pernoctas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) e tendo en conta os límites indicados no anexo V do plan para PEMES</p> <p>No caso de accións en máis dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoctas máis subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoctas.</p> <p>Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa, ou forme parte do consello de administración da mesma.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Traslados grupais.</li> </ul>	<p>Só se subvencionarán os traslados que sexan contratados e facturados á cámara como organizadora, inclúense todos aqueles traslados en grupo que se realicen no marco da acción, incluídos os traslados dende e ata o aeroporto así como traslados dende ou ata lugares onde se celebren reunións ou eventos incluídos no programa conxunto da acción. Quedan excluídos os traslados individuais de calquera tipo.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Taxa de visado e seguro de viaxe, incluídas as coberturas de cancelación, e custo de realización de probas PCR ou similares sempre que se consideren obrigatorias para a realización da viaxe, dunha persoa da NON PEME participante. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b) dúas persoas por NON PEME participante.</li> </ul>	
Límites máximo de gasto subvencionable por todos os conceptos.	<p>Por cada NON PEME beneficiaria e por cada misión na que participe: 6.000 €</p> <p>Por cada NON PEME beneficiaria e por cada evento expositivo no que participe: 25.000€</p>

### 3. Compensación ás entidades colaboradoras.

Dado que as entidades colaboradoras prestan unha colaboración necesaria por ser as encargadas de organizar e executar as actuacións, tamén serán compensados os custos necesarios de medios humanos e materiais que a entidade colaboradora asigne á actuación e que se establecen cos seguintes límites: 400 euros por empresa participante nunha acción das descritas no artigo 3.1.a e 600 euros por empresa participante nunha acción das descritas no artigo 3.1.b.

Estes custos constitúen a base da compensación económica que se vai aboar ás entidades colaboradoras, tal e como se recolle na cláusula quinta do convenio entre o Igape e as entidades colaboradoras para a xestión destas axudas. O aboamento destes importes ás entidades colaboradoras soamente compensa os gastos nos que incorren as mesmas colaboradoras pero en ningún caso constitúen un beneficio para elas.

### **PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E RÉXIME XURÍDICO**

Para a tramitación da subvención a empresa participante deberá enviar á Cámara de Comercio toda a información que esta necesite para poder xustificar a correcta realización da acción conforme aos parámetros desta convocatoria cando a Cámara o solicite.

O Igape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta ingrese ás empresas os importes íntegros -sen compensación doutros gastos non elixibles- correspondentes ás



subvencións recibidas do Igape correspondentes aos custos directos da operación, nun prazo máximo de 10 días hábiles tras recibir a transferencia de Igape. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás NON PEMES, as entidades colaboradoras deberán remitir ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.

Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu regulamento.

## **PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establécense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- B- Se se produce con 39 a 30 días de antelación á realización da acción, a empresa pagará o 50% da aportación establecida para participar na acción.
- C- Se se produce entre o comezo da misión e os 29 días anteriores á realización da acción, aboarase o 100 % da aportación.

Se os gastos reais ocasionados superan as ditas porcentaxes, se lles repercutirán a maiores.

## **INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS**

**Odile Lueiro Garnil**

**Cámara de Comercio de A Coruña**

Departamento Comercio Exterior

Tfno. 981 21 60 72 / e-mail: [exteriorol@camaracoruna.com](mailto:exteriorol@camaracoruna.com)

## **INFORMACIÓN SOBRE OUTRAS ACCIÓNS PARA PEMES e NON PEMES DO PLAN**

Por favor consulte este enlace da web da Cámara de A Coruña para consultar máis acción do Plan de apoio á internacionalización das Pemes de Galicia que organizan o IGAPE e a Cámara de A Coruña:

<https://www.camaracoruna.com/eventos/cat/117/internacionalizacion/>





**Sinalamos a continuación o proceso que debe de seguir a empresa para formalizar a inscrición na acción, así como algúns detalles do proceso de axudas:**

- **CERTIFICADO DIXITAL**

Antes de nada, teñan en conta que necesitan ter un CERTIFICADO DIXITAL para poder realizar todas as xestións telemáticamente ante o IGAPE.

- **INSCRICIÓN NA ACCIÓN**

- **PRIMEIRO PASO**

- Acceder á oficina virtual do IGAPE. Está no seguinte link <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>
- Se non están rexistrados, terá que rexistrarse por primeira vez na pestaña “REXISTRAR NOVO USUARIO”.
- Unha vez que se registre por primeira vez, as claves valdranlle para acceder a esta OFICIÑA VIRTUAL do IGAPE tódalas veces que queira.

- **SEGUNDO PASO**

- Unha vez que estea dentro da OFICIÑA VIRTUAL, debe comprobar que a súa empresa está dada de alta nos PROGRAMAS AVANZADOS DE IGAPE DE APOIO A INTERNACIONALIZACIÓN.
- Se xa está dada de alta, pode continuar co proceso no TERCEIRO PASO. Se non, deberá pinchar no apartado “PROGRAMAS IGAPE” e buscar o “Alta en programas avanzados de Internacionalización - IG192.2023.1 - Alta en programas de internacionalización”. Teñen que acceder a ese formulario e solicitarlo.
- **ATENCIÓN:** Esta solicitude nos PROGRAMAS AVANZADOS DE IGAPE DE APOIO A INTERNACIONALIZACIÓN a teñen que facer unha soa vez e xa lle vale para calquera subvención de internacionalización que pida a IGAPE a partires de agora.

- **TERCEIRO PASO**

- En terceiro lugar, terán que ir ao mesmo apartado “PROGRAMAS IGAPE” e buscar “Acción FOEXGA 2023 - IG267.2023.1 - Solicitude de participación na acción FOEXGA” e acceder a ese apartado e cubrir todo o que se pide.
- **MOI IMPORTANTE:** Cando estean cubrindo esta solicitude, neste apartado nalgún intre lles pedirá que identifiquen en qué acción están intentando inscribirse. O código desta acción para PEMES é: Expediente IG265.2023.1.52
- **ATENCIÓN:** Se tivese problema para descarga-la ficha de inscrición ou calquera problema telemático ao inscribirse na plataforma do IGAPE, ten que contactar co IGAPE por medio do seguinte e-mail: [internacionalizacion@igape.es](mailto:internacionalizacion@igape.es)  
Dende a Cámara non temos acceso telemático á plataforma do IGAPE para seguir as inscricións das empresas polo que só dende o IGAPE e dende ese enderezo electrónico poderán axudarlles.

- **CUARTO PASO**

- Cando rematen de cubrir todo, deberán remitirnos por e-mail a [exteriorol@camaracoruna.com](mailto:exteriorol@camaracoruna.com) a documentación solicitada no apartado **Formalización Inscricións**. (NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA SOLICITUDE QUE NON VEÑA CON TODA A DOCUMENTACIÓN requerida)

- ⊖ **REVISIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN.** O IGAPE revisará a documentación presentada e solicitará a subsanación da mesma se procede. Unha vez estea correcta a documentación presentada, o IGAPE procederá ao pago da subvención de tódalas empresas á Cámara e a Cámara a remitirá a cada unha das empresas o seu importe correspondente.



INSTITUTO GALEGO  
DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA

**Cámara**  
A Coruña